

ESCOLA DA VIDA

Psicópatas e delincuentes

19.09.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Hai uns meses asistín á conferencia do profesor Robert Hare, un experto mundial en temas de delincuencia. Este consultor internacional de policía, xuíces e organismos dedicados a perseguir o delito expuxo, con moita amenidade, as súas investigacións sobre o tema da psicopatía e a delincuencia, deixando claro que nin todos os psicópatas son delincuentes nin todos os delincuentes son psicópatas. A súa teoría está exposta en varios libros que son recoñecidos bestsellers sobre o tema, e incluso nun test, o *Psychopathy Checklist*, co que se poden detectar, cunha gran fiabilidade, os psicópatas que nos rodean, como el mesmo apostila no subtítulo da súa obra *Sen conciencia*.

Os psiquiatras que avaliaron o asasino confeso de Marta del Castillo din que non encontraron ningún indicio de trastorno nel. Algo que chama poderosamente a atención se atendemos á descrición que fan das características de Miguel Carcaño: "As súas relacións mantéñense fundamentalmente polo grao no que lle resultan gratificantes ou lle axudan a conseguir os seus obxectivos e metas, sen que teña sentimentos de culpabilidade ou de responsabilidade". Só con esta definición xa lle están precisando algunhas das singularidades dun psicópata, segundo Hare: egocentrismo e ausencia de culpa. Pero tamén neste suxeito coinciden outras das que xa tiñamos coñecemento, como son a súa falta de empatía, as súas reiteradas mentiras (cambiou a versión dos feitos e do lugar en que se achaba o corpo varias veces) e os seus anteriores problemas de conduta. Todos estes datos presupoñeno, cunha alta porcentaxe de posibilidades, como un psicópata, segundo os estándares establecidos por Hare e outros autores.

Así pois, sería bo que os psiquiatras en cuestión relacionasen os síntomas co trastorno e o estudasen novamente cos procedementos que hai para iso, porque, se fose así estaríamos ante unha persoa cunha alta probabilidade de seguir manifestando as mesmas particularidades ao longo da súa vida, e, polo tanto, de reincidir. A sociedade debe protexer os seus cidadáns, para iso están as leis, pero esta tamén ten dereito a protexerse destes suxeitos e para iso están as institucións penitenciarias e psiquiátricas.